

Imos seguir traballando co vocabulario da cociña.



Imaxina que se acabaron os cereais e o leite na casa e precisas avisar ao teu pai para que merque máis. Que farías? Deixaríaslle unha mensaxe no contestador do móbil? Unha nota? Deberalo facer con claridade e precisión.



Observa ben esta escena dunha escola de cociña. Coñeces todas as palabras que aparecen no debuxo? Lee tamén as palabras do apartado “Máis palabras...” As palabras que non coñezas podes buscalas no dicionario de lingua galega.



● Máis palabras...

- Extractor
- Batedor
- Prancha
- Lacena
- Mesado
- Ola, boa tarde
- Bo día, podería falar con...?
- Quería dicirle que...
- Precisaba máis información sobre...
- Lamentoo moito
- Non se preocupe
- Chámeme cando poida
- Moitas grazas, adeus



Que utensilios coñeces do debuxo e do apartado de “Máis palabras...”? Cal empregaches algunha vez na túa casa? Hai algún utensilio que nin viras nunca?



Escolle un utensilio de cociña que che guste e descríbeo. Fala da súa forma, do tamaño, da cor, do material e a súa utilidade.



Agora é o momento de fixarse moito na escea anterior. Fíxate en todos os detalles: cantas persoas hai, que está facendo cada unha, que obxectos hai nas mesas ou polas paredes, que alimentos hai nas mesas, etc. Cando esteas preparado e preparada, preme no seguinte enlace do Kahoot para facer o concurso de memoria. [Kahoot. Palabras na cociña 2](#)

Agora imos repasar as normas de acentuación das palabras para poder pasar á seguinte tarefa:

PALABRAS AGUDAS, GRAVES E ESDRÚXULAS

As palabras **agudas** son as que levan a sílaba tónica na **última sílaba**.

Levan tilde cando:

- rematan en **vogal**, excepto nos ditongos: ai, ei, ou, ui, au, eu, ou, iu, seguidos ou non de -s.
- rematan en **-n**
- rematan en **-s**


As palabras **graves** son as que levan a sílaba tónica na **penúltima sílaba**.

Levan tilde cando:

- rematan en **consoante distinta de -n ou -s**.

As palabras **esdrúxulas** son as que levan a sílaba tónica na **antepenúltima sílaba**.

- Levan tilde **sempre**.



Despois de ter repasado isto, realizamos o [Thatquiz](#).